

## RESOLUCIÓN

**Nomeamento dos membros da Mesa de Contratación para a adxudicación de distintos contratos administrativos de obras, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018" da Deputación Provincial da Coruña. Licitación electrónica (Sesión A-01/2018).**

En uso das atribucións conferidas, RESOLVO:

**Primeiro.-** Nomear membros da Mesa de Contratación para a adxudicación de distintos contratos administrativos de obra, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018" da Deputación Provincial da Coruña, ás seguintes persoas:

Presidenta:	D <sup>a</sup> Milagros Lantes Seara Concelleira delegada de Contratación
Vogais:	D <sup>a</sup> María Irache Enríquez Albaina Interventora D. José Villán Fuertes Secretario Xeral
Secretaria:	D <sup>a</sup> . Virginia Bello Varela Administrativa de Secretaría

**Segundo.-** Convocar aos membros da Mesa de Contratación, o martes 4 de setembro de 2018, ás 09:30 horas, na Sala de Comisións da Casa Consistorial, ao acto privado de apertura do arquivo ou sobre electrónico "A" subtítulo "Documentación xeral" dos expedientes administrativos de obra, que se detallan a continuación:

- 1.- Mellora da capa de rodadura no vial municipal desde o lugar de Mirón (Bértoa) ata a estrada DP-1902 Carballo-Razo (OBR. 13/2018).
- 2.- Mellora da capa de rodadura no vial municipal desde Bolón ata A Gándara (OBR.14/2018).
- 3.- Mellora da capa de rodadura no vial municipal desde o lugar da Ponte (Bértoa) ata o lugar do Moucho (OBR. 15/2018).
- 4.- Mellora da capa de rodadura no vial municipal desde o lugar do Igrexario de Lema ata A Vixía (parroquia de Lema) (OBR. 16/2018).
- 5.- Soterramento de liñas aéreas na contorna do Igrexario de Rus- Concello de Carballo (OBR. 17/2018)
- 6.- Conservación e rehabilitación patrimonial do Museo Bergantiños e Biblioteca Municipal. Situación: rúa Martín Herrera núm. 8- Carballo (OBR. 18/2018).

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde	Secretario
Evencio Ferrero Rodríguez	José Villán Fuertes